

O MUNDO DO MAR SEGUNDO A TRADICIÓN ORAL

CORTE Nº 1 CINTA 6



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

NOME DO DOCUMENTO:

MPG_SaVi_0006_001_en_0_00_00_id638_D

AUDIO DE REFERENCIA:

MPG_SaVi_0006_001_en_0_00_00_id638.mp3

INFORMACIÓN DA ENTREVISTA

Esta ficha recolle o primeiro corte dos que se divide a sexta das 11 entrevistas realizadas a Antonio José Bernárdez Villaverde por Xosé C. Villaverde Román durante o verán de 1992 na zona de Moaña.

O informante fala de fauna mariña: as aves, como patos e biluricos e os corvos como animais de mal goiro entre os mariñeiros. Tamén fala dos caramuxos.

NOTA DAS EDITORAS

No verán de 1992 Xosé C. Villaverde Román realizou unha serie de entrevistas na zona de Moaña. O obxectivo era recopilar información de primeira man a través de fontes orais sobre os traballos e a vida cotiá no mar en Galicia de cara a publicación dun libro que levaría por título “O mundo do mar segundo a tradición oral”. Os traballos supuxeron todo un exercicio de memoria viva, recopilando unha valiosa información sobre saberes tradicionais do mundo do mar de man das propias persoas protagonistas. O libro nunca se chegou a publicar, non obstante as gravacións orixinais recollidas forman agora parte do APOI, que dispón de tódalas entrevistas realizadas, así como das transcripcións e das análises das mesmas feitas e revisadas polos propios compiladores.

Na sede do APOI no Museo do Pobo Galego poden escoitarse as entrevistas completas. Nós elegimos presentar na rede as editadas (revisadas e cortadas en varias partes) polo propio compilador para optimizar o traballo de busca.



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

DATOS DO CORTE

- **DATA(S) DE REALIZACIÓN DA ENTREVISTA:** 6 de agosto de 1992
- **INFORMANTE(S):** Antonio José Bernárdez Villaverde
- **RECOLLEDOR:** Xosé C. Villaverde Román
- **COMPILADOR:** Xosé C. Villaverde Román
- **COLECCIÓN:** Santos - Villaverde (SaVi)
- **LOCALIZACIÓN:**
Lugar/ aldea/ barrio: O Carmen
Parroquia: O Carmen
Concello: Moaña
Provincia: Pontevedra
País: Galicia

NOTAS SOBRE A TRANSCRICIÓN DO TEXTO

A transcripción fíxose nos 90 e foi revisada no 2021 polo propio compilador e o persoal do APOI.

Respectouse a pronuncia da persoa e as palabras e expresións coloquiais transcribíronse tal cual foron ditas. Nalgúns casos, o compilador introduciu notas a pé para aclarar termos ou expresións, ou ben para aportar algún dato relevante sobre o que se está falando.

As partes nas que non se entende ben o que di o informante están sinaladas con: (?)

PALABRAS CHAVE

mar, fauna, ave mariña, pato salvaxe, bilurico, paxaro, lavandeira, corvo, bruxa, superstición, mariñeiro, caramuxo

EDICIÓN DA PRESENTE FICHA: Sara Santalla Iglesias

TRANSCRICIÓN DO CORTE Nº 1 DA CINTA 6



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

[P: *Antes na Xunqueira había cantidade de aves que viñan así migratorias ¿no? Viñan... había patos e viña algún tipo de...*

R: *Aquí había moitos patos, tiña ese que fora da túa familia aínda, ¿e teu tío?*

P: *Si.*

R: *Por tua nai, ¿non?*

P: *Si.*

R: *Chegou a ter douscentos patos (?).*

P: *Douscentos patos.*

R: *Patos, patos, que se tiraban a voar polo mar, chegaban a]¹ vinte brazas de terra, tirábanse eles a bañarse e viñan pa terra e iban eles a cobijarse alí no quinteiro.*

P: *Chegou a ter máis...*

R: *E non lle daba de comer pois non tiña, pero eles buscaban as plaias...(?) e tíranse...*

P: *E eran patos que viñeron emigrados por aí, ¿non?*

R: *Emigrados, patos que non se comían.*

P: *Patos salvaxes destes.*

R: *Salvaxes.*

P: *¿E non se asustaban, non lle escapaban a xente nin nada?*

R: *Non, non. Moitas veces cando viñan os barcos e traían peixe e escunchaban o peixe na arena, para sacarlle a maja, pois eles esperaban a que deixaran as majas na area, e eles xa collían todo...(?).*

P: *E cando viña o inverno marchaban todos.*

R: *Eses eran patos particulares, viñeron así de calquera maneira, que se colleron e fóronnos criando nalgunhas casas coma se foran galiñas.*

P: *E non había outra clase de aves que iban así á Xunqueira a parar por alá.*

R: *Despois iban o que digo estas gaviotas, a veces onde está o campo de fútbol² alí eu...(?).. gaviotas había.*

P: *¿E os biluricos como son?*

R: *Os biluricos eses xa buscan un terreno para eles propio, cando ven a noite e iso cobíjanse eles. Donde máis se criaban era alí no Cocho³, tirando ó Arroaz⁴, tiñan buracos eles propios dos biluricos e se criaban alí.*

P: *E como son, ¿como as chirilas, máis pequenas?*

R: *Máis pequenas que as chirilas, pero teñen un peteiro máis grande.*

P: *Máis largo, ¿e as patas máis largas tamén?*

R: *Si. Pero non circulaban moito polo medio do día, traballaban máis de noite, moitas veces non mirábase o bilurico e sentíamo-lo sonido del, ten un sonido mui fino, mui fino.*

P: *Si mui agudo ¿E as lavandeiras?*

R: *As lavandeiras era un páxaro coma estes. Era é un páxaro, moi mariñeiro como lle chamo eu.*

P: *Que come tamén peixes ou andaba máis ben...*

R: *Andaba polo riba dos aparellos. Cando ti miras un aparello, a primeira cousa que mirabas era unha lavandeira ou dúas ou tres.*

P: *E nas secas, nas marismas tamén andaba moito á miñoca e todo.*

¹ O fragmento destacado en cursiva entre corchetes non se escoita no audio

² Actualmente existen pistas deportivas en vez de campo de fútbol.

³ O Cocho é un topónimo onde houbo unha canteira que extraían pedra para facer os peiraos de Vigo. Está na dársena de Meira e acaba na punta do Arroaz.

⁴ Punta do Arroaz, hoxe unha zona industrial de construción de barcos. Antigamente estaba a fábrica de conservas A Guía.



R: A miñoca, a piteirar todo pola terra, pola area, por aquí había un monte delas.

P: ¿E algún outro así como o martín pescador?

R: Bueno, ese o martín é peixe de pareja, peixe de arrastre, ese é peixe de arrastre. Os martiños son peixes de arrastre.

P: O martiño un páxaro que lle chamamos nós, que é de moitos cores, que ten o peteiro mui largo, mui bonito, non o peixe martiño.

R: Si o ave martiño.

P: Si o ave martiño ¿Había por aquí moitos?

R: Non.

P: Había raras, non aparecían...

R: Ese é peixe de costa todo.

P: Que estaba no muelle tírabase a buscalo. Ese non andaba polos barcos. Un barco cando viña a veces do mar, se sabía se pescara ou non, pola cantidade de gavotas que traía na popa, ¿non?

R: Podía pescar moito ou nada. Traía porque a xente ,viña partindo o peixe durante a marcha que viña. E xa viñan facendo o reparto. E ti... porque eles escochaban e tíraban as majas ó mar, e viñan detrás do barco a comer, e comían e viñan a comer a bordo do barco. As gaviotas viñan a comer a bordo do barco. Si lle deixabas unha sardiña aquí, coa xente a bordo. Tanto viñan, tanto querían baixar, porque o ...(?) non molestaban e baixaban comían o peixe e...

P: Pousábanse no barco ¿E non había aves que deran mala señal, que foran agoreiras?

R: Non.

P: Algunhas aves que tiveran...é decir esta trae mala suerte, ¿o corvo non decían que traía mala suerte ó mellor?

R: Mal de bruxas. O corvo ese era mal de bruxas.

P: Cando saían pescar ou así non miraban algún ave e decían, esta non me gusta como vai, ou...

R: Moitas veces, os mariñeiros cando tiñamos unha cousa que non nos saía ben, e miraban un corvo mira está a bruxa aí, é a bruxa esa.

P: E aparte de corvos ¿había algún ave máis que... fora agoreira?

R: Non, aquí entre nosoutros non.

P: ¿Os pitorros tamén?

R: ¿Como?

P: Os pitorros non lle daban...

R: Os pitorros daban moito peixe... Todos á Illa⁵, iban á emigrar á Illa, daban moito peixe, despois tiñas os arroaces que eran un...(?) no mar.

P: Si, os arroaces xa nos falará deles o outro día. E volvendo, os caramuxos, decía que eran todos comestibles. Sean negros sean de cores, alargados ¿había moita clase de caramuxo non?

R: Hai moitas clases de cores. Hainos pequenos así, pero a xente moitas veces cando iba ás praias a buscar croques e iso, pois xa levaba a agulla partía un cacho, e metían a agulla espichábanno e extraíanlle a carne.

P: ¿E crudos, así sen cocer?

R: Si comíanse crudos, o lingueirón comíase crudo, e o croque, e a ameixa tamén.

P: Os caramuxos eu comín sempre cocidos non os probei así, cocidos son máis fáciles de quitar.

R: Son máis fáciles de quitar.

P: ¿E usábanse a veces os caramuxos para facer collares?

R: Non.

⁵ Refírese ás Illas Cíes



P: Para xogar os rapaces e iso.

R: Os collares tamén os facían de croques, de conchas de croques, nunca se deu o caso ese.

P: E tiña así algún nome especial, ó mellor había uns caramuxos que eran alargados ¿chamábanse todos caramuxos ou había algúns que tiñan nomes?

R: Caramuxos, pero os que máis estaban comendo o jujo nas pedras, porque sabes que os caramuxos críanse encima da pedra, porque a pedra cría un musgo coma se fora herba, na terra cría herba, e na pedra, no mar cría ese verdijillo⁶, e nese verdijillo é donde se botan eles a comer. E vai a xente e rasca co sacho, rasca a pedra toda e tira con todos os caramuxos que ten a pedra.

P: Hai unha serie de caramuxos que están así nos arrieiros, ó mellor non os mira, pero cae un cacho dunha maja ó fondo, empezan a saír debaixo, eses teñen dentro coma se fora un...

R: Polo visto están abaixo, a dormir, sólo que van a comer ó que miran.

P: Si, ou teñen olfato, eles están enterrados na area.

R: Están enterrados na area.

P: E teñen coma se fora dentro un carangexo, unha especie de caranguexo ¿non?

R: Teñen unha especie de tenazas, tenazas de caranguexo, ten unhas tenaciñas así pequeniñas...

P: ¿E como lle chaman a eses caramuxos? Chámaselle así caramuxos, non ten ningún nome específico.

R: Caramuxos.

⁶ Parece que é una palabra inventada. Non estou seguro